



Confederación Intersindical Galega
Sección Sindical CIG Telefónica
Convenio Colectivo 2008

CONFIANZA PARA O FUTURO

4640 compañeiros e compañeiras realizamos o paro do día 26 como un último esforzo nesta etapa da batalla **contra as pretensións da empresa e polas reivindicacións dos traballadores**. Agora o desenlace da Negociación Colectiva está nas mans de quen ostenta a representación maioritaria na empresa. Eles **terán que escoller entre os intereses da empresa e os intereses dos traballadores**. En Galicia mantivémonos en porcentaxes similares ós anteriores paros.

A pesares de que a porcentaxe de este último paro no conxunto do estado é similar ó primeiro do día 29 de maio **hai que resaltar un cambio cuantitativo e cualitativo importante**: Mentres no primeiro había só 13 provincias cunha porcentaxe superior ó 10% de paro, neste último houbo 21 por riba do 10% e, salvo Alacante, Asturias e Zaragoza as provincias que superan os 500 traballadores estiveron por riba desa porcentaxe.

É evidente que ante a falla de confianza do cadro de persoal nalgúns sindicatos estase a producir un movemento de rebelión e autorganización que sen dúbida é motivo para a esperanza que aínda temos moitos e moitas traballador@s desta empresa de modificar a dinámica actual.

Hai por aí unha consigna circulando que manexa tanto a empresa como algún representante sindical de que “este é un bo convenio” ou “que non é un mal convenio”: A técnica de **repetir moitas veces unha mentira non pode servir para convencernos de que é verdade**. As poucas e únicas cousas boas que contén o texto que ate agora coñecemos: garantía de emprego e garantía de non mobilidade xeográfica interprovincial e interinsular teñen caducidade, como nas anteriores negociacións. **As pretensións da empresa**, tanto as que xa se plasman coma as que quedan pendentes para negociar ás costas dos traballadores **teñen carácter indefinido**.

Dada a actual boa marcha da empresa non sería un bo convenio aínda sen as pretensións de modificar as condicións laborais e salariais actuais. Cos compromisos adquiridos por algúns de negociar todo isto, o **Convenio actual é tremendamente regresivo para o cadro de persoal**.

Pero hai motivos para esperanza porque nin os sindicatos que convocamos os 5 paros nin os traballadores que paramos nos rendemos e despois das vacacións tocará analizar con intelixencia a estratexia a seguir para seguir combatendo a liquidación do actual modelo de empresa e as condicións d@s traballadores e traballadoras.

MÁIS QUE NUNCA, CONTINUAMOS NA LOITA

Loita coa CIG pola defensa dos teus dereitos.

Galicia, 27 de xuño de 2008